



### EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

##### Anuncio

#### AMPLIACIÓN DE PRAZO DE SOLICITUDES DA MEDIDA 8.2.3.1 FORMACIÓN PARA O EMPRENDAMENTO E PROMOCIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA. PRENDE! BOTA RAICES NO RURAL

Na Xunta de Goberno celebrada en sesión de carácter ordinario o día 3 de xaneiro de 2020, adoptouse o seguinte acordo:

Aprobación da ampliación do prazo de solicitudes da medida 8.2.3.1 Formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora. PRENDE! BOTA RAICES NO RURAL, por 7 días hábiles.

Lugar de presentación de solicitudes: preferentemente telemáticamente a través da sede electrónica <http://sede.deputacionlugo.org> ou través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 7 de xaneiro de 2020.- O PRESIDENTE, P.D Decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, D. Pablo Rivera Capón

R. 0019

### CONCELLOS

#### BEGONTE

##### Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento municipal para o exercicio económico de 2020, por acordo adoptado na sesión extraordinaria celebrada o día 4 de decembro de 2019, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3, do Real - Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de EUROS de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E SEIS MIL CORENTA E DOUS CON NOVENTA ( 2.996.042,90 €), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

#### ESTADO DE GASTOS

| CAP.                             | CONCEPTO                                   | IMPORTE      |
|----------------------------------|--|--------------|
| <b>A) OPERACIÓNS CORRENTES.</b>  |  |              |
| 1                                | GASTOS DE PERSOAL                          | 594.906,94   |
| 2                                | GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS        | 1.618.922,40 |
| 3                                | GASTOS FINANCEIROS                         | 3.000,00     |
| 4                                | TRANSFERENCIAS CORRENTES                   | 171.860,00   |
| 5                                | FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS | 100.000,00   |
| <b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.</b> |  |              |
| 6                                | INVERSIÓNS REAIS                           | 501.353,56   |

|                        |                           |                     |
|------------------------|---------------------------|---------------------|
| 7                      | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 6.000,00            |
| 8                      | ACTIVOS FINANCIEROS       | 0,00                |
| 9                      | PASIVOS FINANCIEROS       | 0,00                |
| <b>TOTAL DE GASTOS</b> |                           | <b>2.996.042,90</b> |

**ESTADO DE INGRESOS**

| CAP.                              | CONCEPTO                                  | IMPORTE             |
|-----------------------------------|---|---------------------|
| <b>A) OPERACIÓN CORRENTES.</b>    |   |                     |
| 1                                 | IMPOSTOS DIRECTOS                         | 913.980,00          |
| 2                                 | IMPOSTOS INDIRECTOS                       | 65.000,00           |
| 3                                 | TAXAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS | 526.955,00          |
| 4                                 | TRANSFERENCIAS CORRENTES                  | 1.134.210,00        |
| 5                                 | INGRESOS PATRIMONIAIS                     | 180,00              |
| <b>B) OPERACIONES DE CAPITAL.</b> |   |                     |
| 6                                 | ENAXENACION DE INVERSIÓN REAIS            | 180,00              |
| 7                                 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL                 | 355.537,90          |
| 8                                 | ACTIVOS FINANCIEROS                       | 0,00                |
| 9                                 | PASIVOS FINANCIEROS                       | 0,00                |
| <b>TOTAL DE INGRESOS</b>          |   | <b>2.996.042,90</b> |

Na referida sesión, tamén se acordou aproba-lo cadro de persoal desta Corporación que, segundo o que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése a continuación:

**CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2020****1.- PERSOAL FUNCIONARIO.**

|         | DENOMINACIÓN                                     | Nº DE PRAZAS | GRUPO | C. D. | SITUACIÓN                               |
|---------|--|--------------|-------|-------|---|
| 1.-     | <b>ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL.</b>          |              |       |       |   |
| 1.1     | Subescala de Secretaría-Intervención             |              |       |       |   |
| 1.1.a). | <u>Secretario-Interventor.-</u>                  | 1            | A1/A2 | 28    | Propiedade.                             |
| 2.-     | <b>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.</b>           |              |       |       |   |
| 2.1     | Subescala Administrativa                         |              |       |       |   |
| 2.1.a). | <u>Administrativa.-</u>                          | 1            | C1    | 20    | Vacante.                                |
| 2.1.b). | <u>Administrativa.-</u>                          | 1            | C1    | 20    | Propiedade.                             |
| 2.1.c). | <u>Administrativa.-</u>                          | 1            | C1    | 20    | Vacante. ( P. Interna)                  |
| 3.-     | <b>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.</b>        |              |       |       |   |
| 3.1.    | Subescala Técnica.                               |              |       |       |   |
| 3.1.a). | <u>Técnico Desenvolvemento Económico-Social.</u> | 1            | A1    | 26    | Cuberta por Laboral Fixo (D.T.2ª EBEP ) |
| 3.1.b). | <u>Traballadora Social.</u>                      | 1            | A2    | 24    | Propiedade.                             |

**2.- PERSOAL LABORAL FIXO.**

|     | DENOMINACIÓN.-                              | Nº DE PRAZAS | GRUPO | C. D. | SITUACIÓN                    |
|-----|---|--------------|-------|-------|------------------------------|
| 1.- | Técnico en Desenvolvemento Económico Social | 1            | A1    | 26    | Propiedade.<br>(A amortizar) |

|     |   |   |    |    |                              |
|-----|---|---|----|----|------------------------------|
| 2.- | Auxiliar- Administrativa Servizos Sociais | 1 | C2 | 18 | Propiedade.<br>(A amortizar) |
| 3.- | Peón de Obras e Servizos Múltiples.       | 1 | E  | 14 | Vacante.                     |
| 4.- | Encargado de Obras e Servizos.            | 1 | C2 | 14 | Propiedade.                  |
| 5.- | Condutor-Oficial 1ª.                      | 1 | C2 | 14 | Vacante.                     |
| 6.- | Peón de Servizos EDARS.                   | 1 | E  | 14 | Vacante.                     |

**C/- PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

| DENOMINACIÓN DO POSTO.                                    | Nº DE DOTACIÓNS. |
|---|------------------|
| CONDUTOR-OFICIAL 1ª. ( Interino ).                        | 1                |
| PEÓN OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES ( Interino ).             | 1                |
| PEÓNS DESBROCE DE VÍAS .                                  | 2                |
| AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO.                            | 1                |
| PEÓN SERVIZOS EDARS. ( Interino ).                        | 1                |
| AXENTE LOCAL DE EMPREGO                                   | 1                |
| PROGRAMA RISGA 2019-20: PEÓNS:.                           | 2                |
| PROGRAMA APROL RURAL 2019-20 : PEÓN FORESTAL.             | 2                |
| PROGRAMA DEPUEMPREGO 2019-20 :                            |                  |
| - MONITOR DEPORTIVO.                                      | 1                |
| - AUXILIAR-ADVO. -  | 1                |
| PROGRAMA DE PREVENCIÓN Y EXTINCIÓN DE INCENDIOS: 3 Meses. | 5                |

No cadro de persoal non se contemplan outras posibles contratacións temporais que este Concello poida realizar ao abeiro dalgunha subvención do Estado, da Xunta de Galicia ou doutro organismo público, ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co disposto no art. 171.1 do R. D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Begonte, 3 de Xaneiro de 2020.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 0015

**CERVO**

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 27 de decembro de 2019, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de novembro de 2019 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 5º bimestre de 2019 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD legislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 10 de xaneiro ao 13 de marzo de 2020. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 27 de decembro de 2019. O Alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0016

## FRIOL

### Anuncio

Segundo acordo da Xunta de Goberno de data 27 de Decembro de 2019, anúnciase convocatoria pública, en orde á adxudicación do espazo vacante, nave número 3, para viveiro de empresas, na nave de usos múltiples do Parque Empresarial. Elo, de conformidade co disposto nas ordenanzas, aprobadas polo Pleno do Concello, na sesión do trece de marzo de 2017. Unha vez tramitadas as mesmas, de conformidade co disposto na lexislación vixente o acordo de aprobación e o texto dos mesmos publicouse no BOP núm 117 de 24 de maio de 2017.

**1.- ENTIDADE ADXUDICATARIA.-** Concello de Friol. Dependencia: Secretaría-Intervención

**2.- OBXECTO, BENEFICIARIOS E DURACIÓN.-**

**a) Obxecto:** adxudicación dun espazo do viveiro, efectuada polo órgano competente para a súa resolución. Trátase dunha nave industrial para utilización como viveiro de empresas, coa seguinte superficie:

- Nave 3: 354,50 m<sup>2</sup> construídos, superficie útil 363,40 m<sup>2</sup>, distribuídos en 262,23 m<sup>2</sup> de planta baixa e 68,35 m<sup>2</sup> de planta alta.
- As superficies comúns son as correspondentes a parte da parcela non edificada, ou sexa 591 m<sup>2</sup>
- A Nave número 3 deberá satisfacer un prezo público de 145,36 € (Máis o I.V.E. correspondente

**b) Beneficiarios:** Poderán ser beneficiarios/as os/as emprendedores/as, ben autónomos/as ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Empresas que aínda non se constituíran, pero que prevean facelo no prazo máximo de 3 meses.
- Empresas constituídas en menos de 6 meses dende a data de solicitude de acollemento. Considerarase como data de inicio a data que figura no modelo 037 da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Deberán ter enderezo social e fiscal no Concello de Friol.

A solicitude, farase segundo o modelo normalizado, que se publica no Anexo. Coa solicitude achegarase á seguinte documentación, referida tanto ao emprendedor/a como aos eventuais socios partícipes ou integrantes:

- Memoria descritiva da actividade que se pretende desenvolver, que avale a súa viabilidade económica e técnica, debendo desenvolver unha actividade de carácter industrial, compatible coas características do espazo físico do viveiro e as ordenanzas reguladoras do parque empresarial.
- Fotocopia do DNI
- Currículum Vitae
- Vida laboral.
- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes

A solicitude soamente poderá estar subscrita por un emprendedor/a, que será que o que asuma fronte ao Concello o réxime de dereitos e obrigas. No entanto o emprendedor/a poderá incluír no seu proxecto outros socios, partícipes ou integrantes do negocio, que deberán ser perfectamente identificados. No caso de resultar seleccionado o proxecto, os socios ou partícipes no negocio deberán asinar o contrato de cesión do uso, xunto co emprendedor principal en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.

Os/as interesados/as poderán engadir, achegar ou cumprimentar calquera documento, plano, bosquejo ou semellante que consideren oportuno e que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

Os/as solicitantes ademais de acreditar as circunstancias de carácter administrativo pertinentes, deberán presentar o seu proxecto empresarial que comprenderá polo menos os contidos do plan de empresa. Ademais, nas solicitudes deberá sinalarse, por orde de preferencia, todos os espazos dispoñibles. En caso de non estar dispoñibles os sinalados en primeiro lugar polas empresas seleccionadas, poñeranse a disposición do/a adxudicatario/a as restantes, ás que se optará por orde de prelación segundo o baremo resultante.

No caso de empresas que non comezasen a súa actividade, a data prevista de inicio non poderá superar 3 meses desde a data de notificación da adxudicación da nave, excepto nos casos que estean pendentes de trámites que

non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes. En ningún caso se tramitarán as solicitudes, nas que a data prevista de inicio supere o prazo indicado.

Con carácter xeral, establécese un compromiso de ocupación e inicio da actividade no prazo de un mes, a partir da notificación da adxudicación do local, exceptuando os casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes.

De ser o caso, será de aplicación o previsto no art. 68 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo, sobre subsanación e mellora da solicitude. Ademais, poderase requerir aos solicitantes cantos documentos, datos e aclaracións sexan precisos para a correcta valoración do proxecto empresarial presentado.

c) **Duración:** O prazo máximo do contrato será de 12 meses prorrogables por outros 12, despois de un acordo por escrito, formalizándose as ampliacións do período de estancia, mediante anexo ao contrato suscrito inicialmente.

Non obstante o disposto, co fin de apoiar a aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse o prazo, ata un máximo ata o máximo de un ano mais, sempre que non exista lista de espera, previa solicitude e formalización do/a interesado/a, que formulará cunha antelación mínima de tres meses á conclusión do prazo inicialmente establecido. Será obxecto de estudio polo órgano de selección, logo dos informes que estime pertinentes elevará proposta sobre a necesidade de ampliación temporal, ao órgano competente para a resolución, que o fará dun xeito motivado. En ningún caso se lles admitirá ás empresas unha estancia superior a tres anos, incluída a prórroga.

### **3.- TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto con varios criterios, de conformidade coa cláusula 11 da ordenanza reguladora:

- Viabilidade técnica e económica da actividade: 5 puntos.
- Nivel de creación de emprego: 1 punto por contrato, ata un máximo de 5 puntos.
- Empresa nova: 3 puntos.
- Empresa recente: Ata tres meses 2 puntos; a partires de 3 e ata 6 meses 1,5 puntos.
- Promotores veciños de Friol 2 puntos, de concellos limítrofes 1 punto.
- Promotores en situación de desemprego: 1 punto.
- Promotores desempregados de longa duración, colectivos con especial dificultade de inserción no mercado laboral, mozos menores de 30 anos, mulleres maiores de 45 anos e colectivos en exclusión social: 1 punto.

As solicitudes que cumprindo os requisitos non fosen seleccionadas, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se aplicarán no caso de vacantes. A lista de espera terá validez por 24 meses.

**4.- PREZO A SATISFACER.-** As tarifas ás que se refire o artigo anterior estruturáanse do seixo seguinte:

- Para o caso de utilización e aproveitamento dos locais do viveiro municipal, as empresas que resulten adxudicatarias dos locais que se pon a súa disposición conforme ás normas e procedemento establecidas na normativa reguladora do viveiro, o importe será o resultante de aplicar a conta de 0.4€/m<sup>2</sup> útiles por cada mes.
- En todo caso, ao importe das tarifas establecidas aplicaráselles o Imposto sobre o Valor engadido correspondente de acordo coa lexislación vixente.

No caso de que o inicio da ocupación non coincida co inicio do mes, prorratarase o importe da mensuralidade segundo os días efectivos da ocupación, considerando os meses de 30 días naturais. Todo elo, sen prexuízo do pago pola súa conta dos recibos correspondentes de auga, lixo, saneamento, enerxía eléctrica etc. e calquera outro gasto de funcionamento.

**5.- GARANTÍAS.-** Unha vez notificada a adxudicación do espazo a un proxecto empresarial, o/a adxudicatario/a realizará as xestións pertinentes en orde á obtención de licenza ou comunicación previa e subscribirá un contrato, que conterà os dereitos e obrigas de ambas as partes e que se desenvolverá o establecido nesta ordenanza.

O prazo máximo para a sinatura do contrato, será de quince días desde a obtención da licenza, ou comunicación previa, debendo presentar a garantía e realizarse a ocupación do local adxudicado no prazo máximo de un mes, dese a sinatura do contrato. Dende o momento da ocupación, nacerá a obriga do pago do prezo público.

Deberán prestar garantía en metálico por importe equivalente a dúas mensuralidades do prezo establecido polo uso dos respectivos espazos. A súa devolución, realizarase no prazo máximo de 6 meses, dende que finalice a utilización do espazo.

**6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-**

- a) Data límite: 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 9 a 14 horas.
- b) Documentación: A esixida na ordenanza reguladora.
- c) Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Friol ou por calquera xeito dos previstos na Lexislación de Procedemento Administrativo art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

**7.- APERTURA DE SOLICITUDES.-** Segundo o disposto, ao órgano de selección, ademais da elaboración do informe de avaliación das solicitudes, compételle a xestión de todas as incidencias e asuntos realizados co procedemento de selección dos proxectos empresariais, podendo solicitar cantos informes considere necesarios. A Alcaldía publicará a designación nominal na web do concello e no taboleiro de anuncios, a designación nominal dos membros, así como as datas nas que proceda reunirse para a valoración da documentación e proposta de adxudicación.

**8.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN:**

- a) Concello de Friol.- Praza de España, 4. Código Postal 27220
- b) Teléfono: 982375001.- Fax: 982375206
- c) Na Sede Electrónica do Concello de Friol: <https://friol.sedelectronica.gal>
- d) En todo o que non se contemple no presente anuncio, estarase ao disposto nas ordenanzas reguladora e fiscal, aprobadas polo Pleno do Concello, así como á lexislación vixente ao respecto.

**ANEXO.-MODELO DE SOLICITUDE**

“D. .... con N.I.F. n.º .....,  
 con enderezo a efectos de notificacións en.....,  
 na rúa/lugar ....., n.º .....,  
 correo electrónico ..... en nome propio/ en  
 representación de ....., con C.I.F. n.º .....  
 a efectos da súa participación na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello, para a súa utilización na actividade de.....

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**PRIMEIRO.** Que se dispón a participar na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello de Friol, mediante cesión temporal d o seguinte espazos.

**SEGUNDO.** Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos pola normativa reguladora aprobada polo Concello de Friol.

**TERCEIRO.-** Que posúe capacidade de obrar, e terán o seu enderezo social e fiscal no concello de Friol, non estando incurso en prohibición ou compatibilidade para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

**CUARTO.-** Que acredita a posesión e validez da documentación que adxunta a presente solicitude, esixida pola normativa reguladora, acompañando en concreto:

- Memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver.
- Copia do N.I.F.
- Curriculum Vitae e vida laboral
- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Proxecto empresarial da actividade a realizar.

**QUINTO.-** Que acepta expresamente o establecido nas bases reguladoras da convocatoria e se compromete expresamente ao cumprimento das disposicións polas que o Concello de Friol regula o funcionamento do viveiro de empresas, así como a satisfacer o prezo público establecido na ordenanza reguladora.

**SÉXTO.-** Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde correspondentes ao enderezo procesual do Concello, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras).

**SÉTIMO.-** Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é

Polo tanto **SOLICITO** ser admitido á convocatoria pública do espazo do viveiro de empresas.

E para que conste, asino a presente declaración.

En Friol, a ... de ..... de 2020.

Sinatura do declarante”,

Friol, 2 de Xaneiro de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0017

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA 2020

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 5 de decembro de 2019, o Orzamento Xeral do Concello de Monforte para o exercicio económico 2020, integrado polo do propio Concello e o do seu Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias e transcorrido o período de exposición pública sen que se presentasen alegacións contra o mesmo, elévase a definitiva la aprobación inicial, polo que de conformidade co disposto no art. art. 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os art 127 o Texto Refundido aprobado polo RD Lex 781/1986 e concordantes, publícase o resumo por capítulos de cada un dos dos orzamentos que o integran así como a plantilla de persoal.

| GASTOS                  |                          |   |                           |                             |
|-------------------------|--------------------------|---|---------------------------|-----------------------------|
| 2020                    | ORZAMENTO DA CORPORACIÓN | ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS | TRANSFERENCIAS A ELIMINAR | ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO |
| CAPITULO I              | 4.502.743,96             | 271.435,57                                      |                           | 4.774.179,53                |
| CAPITULO II             | 6.978.755,98             | 19.100,00                                       |                           | 6.997.855,98                |
| CAPITULO III            | 6.133,80                 |   |                           | 6.133,80                    |
| CAPITULO IV             | 1.126.173,99             |   | 290.535,57                | 835.638,42                  |
| CAPITULO V              | 0,00                     |   |                           | 0,00                        |
| TOTAL                   | 12.613.807,73            | 290.535,57                                      | 290.535,57                | 12.613.807,73               |
| CAPITULO VI             | 594.747,80               |   |                           | 594.747,80                  |
| CAPITULO VII            | 388.746,11               |   |                           | 388.746,11                  |
| CAPITULO VIII           | 6.000,00                 |   |                           | 6.000,00                    |
| CAPITULO IX             | 0,00                     |   |                           | 0,00                        |
| TOTAL                   | 989.493,91               | 0,00  | 0,00                      | 989.493,91                  |
| TOTAL XERAL CONSOLIDADO | 13.603.301,64            | 290.535,57                                      | 290.535,57                | 13.603.301,64               |

| INGRESOS     |                          |   |                           |                             |
|--------------|--------------------------|---|---------------------------|-----------------------------|
| 2020         | ORZAMENTO DA CORPORACIÓN | ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS | TRANSFERENCIAS A ELIMINAR | ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO |
| CAPITULO I   | 5.602.957,40             |   |                           | 5.602.957,40                |
| CAPITULO II  | 100.000,00               |   |                           | 100.000,00                  |
| CAPITULO III | 2.071.105,31             |   |                           | 2.071.105,31                |
| CAPITULO IV  | 5.767.121,65             | 290.535,57                                      | 290.535,57                | 5.767.121,65                |
| CAPITULO V   | 56.117,28                |   |                           | 56.117,28                   |
| TOTAL        | 13.597.301,64            | 290.535,57                                      | 290.535,57                | 13.597.301,64               |



|                         |               |  |            |               |
|-------------------------|---------------|--|------------|---------------|
| CAPITULO VI             | 0,00          |  |            | 0,00          |
| CAPITULO VII            | 0,00          |  |            | 0,00          |
| CAPITULO VIII           | 6.000,00      |  |            | 6.000,00      |
| CAPITULO IX             | 0,00          |  |            | 0,00          |
| TOTAL                   | 6.000,00      |  | 0,00       | 0,00          |
| TOTAL XERAL CONSOLIDADO | 13.603.301,64 |  | 290.535,57 | 290.535,57    |
|                         |               |  |            | 13.603.301,64 |

## PLANTILLA DE PERSOAL 2020:

## CONCELLO

| FUNCIONARIOS DE CARREIRA                          |            |       |              |                 |            |               |
|---|------------|-------|--------------|-----------------|------------|---------------|
| Denominación Praza                                | Nº Praza/s | Grupo | Subescala    | Categoría       | Situación  | C. Especifico |
| 1.- Funcionarios de Habilitación Nacional         |            |       |              |                 |            |               |
| Secretario/a                                      | 1          | A1    | Secretaría   | 1ª              | Vacante    | 33.824,67 €   |
| Tesoureiro/a                                      | 1          | A1    | Int- Tes.    | 1ª              | Vacante    | 29.328,80 €   |
| Interventor/a                                     | 1          | A1    | Int- Tes.    | 1ª              | Vacante    | 33.824,67 €   |
| 2.- Administración Xeral.                         |            |       |              |                 |            |               |
| Técnico/a   | 3          | A1    | Admón. Xeral | Técnica         | Propiedade | 13.192,76 €   |
| Técnico/a   | 1          | A2    | Admón. Xeral | Técnica         | Propiedade | 12.203,01 €   |
| Administrativo/a                                  | 3          | C1    | Admón. Xeral | Admtva.         | Propiedade | 10.344,92 €   |
| Auxiliar  | 12         | C2    | Admón. Xeral | Auxiliar        | Propiedade | 8.754,05 €    |
| 3.- Administración Especial                       |            |       |              |                 |            |               |
| Bibliotecaria/a                                   | 1          | A1    | Admón. Esp.  | Técnica         | Propiedade | 16.159,90 €   |
| Aparellador/a                                     | 1          | A2    | Admón. Esp.  | Técnica         | Propiedade | 27.112,67 €   |
| Técnico/a   | 1          | A2    | Admón. Esp.  | Enx. Industrial | Vacante    | 14.349,10 €   |
| Inspector/a de Policía L.                         | 1          | A2    | Admón. Esp.  | Inspector       | Propiedade | 13.238,72 €   |
| Inspector/a de Policía L.<br>(Segunda actividade) | 1          | A2    | Admón. Esp.  | Inspector       | Vacante    | 13.238,72 €   |
| Oficial Policia                                   | 1          | C1    | Admón. Esp.  | Oficial         | Propiedade | 18.230,90 €   |
| Policía Local                                     | 2          | C1    | Admón. Esp.  | Axente          | Vacante    | 14.096,05 €   |
| Policía Local                                     | 14         | C1    | Admón. Esp.  | Axente          | Propiedade | 14.096,05 €   |

|                           |   |    |             |                |            |             |
|---------------------------|---|----|-------------|----------------|------------|-------------|
| Xefe/a de Equipo C.Espec. | 1 | C2 | Admón. Esp. | Xefe de Equipo | Propiedade | 24.761,11 € |
| Axente C. Esp.            | 6 | C2 | Admón. Esp. | Axente CE      | Propiedade | 14.861,10 € |
| Oficial                   | 1 | C2 | Admón. Esp. | Oficial        | Propiedade | 7.352,94 €  |
| Operario/a                | 1 | E  | Admón. Esp. | Operario       | Propiedade | 8.083,46 €  |

| PERSOAL LABORAL FIXO                     |    |       |           |
|--|----|-------|-----------|
| Denominación Praza                       | Nº | Grupo | Situación |
| Técnico/a de Grao Superior Serv. Sociais | 1  | A1    | Vacante   |
| As. Xrco./a - Coordinador/a CIM          | 1  | A1    | Fixo      |
| Técnico/a de Promoción Económica         | 1  | A1    | Vacante   |
| Traballador/a Social - Coordinador       | 1  | A2    | Fixo      |
| Traballador/a Social                     | 2  | A2    | Fixo      |
| Técnico/a C.I.M.                         | 1  | A2    | Fixo      |
| Profesor/a Conservatorio Clarinete       | 1  | A2    | Fixo      |
| Profesor/a Conservatorio Piano           | 4  | A2    | Fixo      |
| Profesor/a Conservatorio Violín          | 1  | A2    | Vacante   |
| Profesor/a Conservatorio Viento- Trombón | 1  | A2    | Vacante   |
| Profesor/a Conservatorio Guitarra        | 1  | A2    | Fixo      |
| Profesor/a Conservatorio Saxo            | 1  | A2    | Vacante   |
| Profesor/a Conservatorio Percusión       | 1  | A2    | Vacante   |
| Técnico/a de Medio Ambiente              | 1  | A2    | Fixo      |
| Animador/a Cultural                      | 1  | C1    | Fixo      |
| Profesor/a de Danza Escolas de Música    | 1  | C2    | Fixo      |
| Capataz Urbanismo (Obras)                | 1  | C2    | Fixo      |
| Capataz Servizos                         | 2  | C2    | Fixo      |
| Oficial de Urbanismo ( Obras)            | 3  | C2    | Fixo      |
| Oficial de Urbanismo ( Cemiterio)        | 1  | C2    | Fixo      |
| Oficial de servizos (Cultura)            | 1  | C2    | Fixo      |
| Aux. Administrativo O.M.I.C.X.           | 1  | C2    | Fixo      |
| Op. De Activ. E servizos culturais       | 1  | E     | Fixo      |
| Peón de Urbanismo                        | 1  | E     | Fixo      |
| Peón de Urbanismo                        | 1  | E     | Vacante   |
| Peón de Parques e xardíns                | 3  | E     | Fixo      |
| Peón de Parques e xardíns                | 2  | E     | Vacante   |
| Peón de cemiterio                        | 1  | E     | Fixo      |
| Aux. de Electricista                     | 1  | E     | Vacante   |
| Limpadora-Conserxe                       | 1  | E     | Fixo      |
| Subalerno/a                              | 1  | E     | Vacante   |

| PERSOAL LABORAL TEMPORAL                 |    |
|--|----|
| Denominación Praza                       | Nº |
| Técnico/a de Grao Superior Serv. Sociais | 1  |
| Técnico/a Deportes                       | 1  |
| Profesor/a Conservatorio Viento- Trombón | 1  |
| Profesor/a Conservatorio Violín          | 1  |
| Profesor/a Conservatorio Saxo            | 1  |
| Profesor/a Conservatorio Percusión       | 1  |
| Educador/a de Familia                    | 1  |
| Capataz GRUMIR                           | 3  |
| Profesor/a Escolas de Música             | 2  |

| PERSOAL LABORAL EVENTUAL DE CONFIANZA |    |
|---------------------------------------|----|
| Denominación da Praza                 | Nº |
| Asesor/a Gabinete                     | 1  |

| ADICACIÓNS EXCLUSIVAS |           |                  |
|-----------------------|-----------|------------------|
|                       | ADICACIÓN | BRUTO (14 PAGAS) |
| NIVEL 1               | EXCLUSIVA | 46.423,43 €      |
| NIVEL 2               | EXCLUSIVA | 47.458,00 €      |
| NIVEL 2               | EXCLUSIVA | 47.458,00 €      |

## I.M. DE DROGODEPENDENCIA

| PERSOAL LABORAL TEMPORAL |    |
|--------------------------|----|
| Denominación da Praza    | Nº |
| Directora Psiquitra      | 1  |
| Psicólogo/a              | 1  |
| Educador/a Social        | 1  |
| Traballador/a Social     | 1  |
| Enfermeira/o             | 1  |
| Auxiliar Adminstrativo   | 1  |
| Monitor de tempo Libre   | 1  |

Monforte de Lemos, 7 de xaneiro de 2020 .- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0020

**RIBADEO***Anuncio***Secretaría Xeral.02.****Expediente nº.2074/2019****RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-**

Visto expediente instruído para provisión dun posto de condutor de pala retroexcavadora (posto 1031 /1 da RPT municipal) con carácter de persoal laboral interino.

Resultando, que por resolución da Alcaldía se prestou aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos, que foi exposta no tablón de anuncios do Concello e mais na web municipal: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal) así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 2 de decembro de 2019 sen que se formularan alegacións ou reclamacións.

Visto canto antecede, esta Alcaldía de conformidade co disposto nas bases para o proceso selectivo de referencia, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

**RESOLVE**

1º. Elevar a definitiva a lista de admitidos e excluídos a que se refire a anterior resolución de esta Alcaldía publicada no BOP de Lugo de referencia.

2º. Fixar a composición do Organo de selección do seguinte xeito:

**Presidente:** Titular Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: Carlos Longarela Sanfiz, arquitecto municipal da ARI.

**Vogais:**

Titular: José A. López Folgueiras, chófer-palista do Concello de Sarria.

Suplente: Santiago López López, Xefe de Grupo de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo.

Titular: José Luis Armesto Castro, Empleado de obras de medio rural do Concello de Sarria.

Suplente: José Luis Yañes Mourelle, Oficial do servizo de obras do Concello de Ribadeo.

Titular: Antonio J. Cuadrado García, Capataz do Concello de Ribadeo.

Suplente: Celso López Pérez, Oficial de obras do Concello de Ribadeo.

**Secretario con voz e sen voto:**

Titular: D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral, Secretario en funcións do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. José A. Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación do Concello de Ribadeo.

Os membros do Tribunal están suxeitos ao réxime de recusación previsto no artigo 24 da vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

3º.- Fixar como data para o inicio do proceso selectivo e comezo do primeiro exercicio o próximo día **3 de febreiro de 2020 ás 11,00 horas na Casa do Concello de Ribadeo. O Organo de selección constituirase a partir das 10,45 horas.**

4º. Publicar anuncio con esta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, Web municipal e BOP de Lugo aos efectos legais procedentes.

Mando e asino o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica, do que eu Secretario dou fe.

Ribadeo, 3 de xaneiro de 2020.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. Ante mín, O SECRETARIO EN FUNCIONES, JOSÉ RODIL VEIGA.

R. 0018

**MINISTERIO DE FACENDA**  
**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN**

*Anuncio*

EXTRATO DE AMPLIACIÓN DE PRAZO DE SOLICITUDES DA MEDIDA 8.2.3.1 FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO E PROMOCIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA. PRENDE! BOTA RAICES NO RURAL

BDNS (Identif.): 485884

Na Xunta de Goberno celebrada en sesión de carácter ordinario o día 3 de xaneiro de 2020, adoptouse o seguinte acordo:

Aprobación da ampliación do prazo de solicitudes da medida 8.2.3.1 Formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora. PRENDE! BOTA RAICES NO RURAL, por 7 días hábiles.

Lugar de presentación de solicitudes: preferentemente telemáticamente a través da sede electrónica <http://sede.deputacionlugo.org> ou través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 3 de xaneiro de 2020.- O PRESIDENTE, P.D Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, D. Pablo Rivera Capón.

R. 0027